


Unidade 2



Nesta unidade

- Lectura e comprensión
 Un neno problemático
- Vocabulario
 Os sentimentos e as emocións.
 As palabras polisémicas
- Expresión oral
 Expresión de sentimentos
- Expresión escrita
 O diario persoal

Gramática

O verbo: raíz e desinencias; persoa e número; modo e tempo

Ortografía

O acento diacrítico

Recursos

Uso do dicionario: as abreviaturas e as acepcións

Antes de ler

Á casa dunha familia austríaca chega de visita un neno inglés, Jasper, que non se comporta nada ben.

- ¿Como te comportas cando vas de visita a outra casa? ¿Que aspectos poderías mellorar? ¿Por que é importante comportármonos ben?

Un neno problemático

M artes, 21 de xullo

—Chamaron os Pickpeer —díxolle Bille a mamá.

—¿Que dixeron? —preguntou ela.

Mamá levou os cartóns de leite á cociña. Bille foi detrás. Eu tamén. Bille pechou a porta da cociña.

—Para que non nos oia —dixo—. Creo que entende moi ben o alemán. —E logo Bille contounos o que dixeran os Pickpeer, polo menos o que ela entendera.

Os Pickpeer preguntaran se nos arranxabamos ben con Jasper. Se non era así, que o enviásemos de volta. Era, e eles sabían, un neno problemático. Un caso difícil. E nunca na vida o terían mandado de intercambio se non fose porque Tom tiña a perna escaiolada.

—O seu psicólogo... —dixo Bille.

Pero non puido seguir falando porque mamá xa a cortara.

—¿O seu que...? —preguntou mamá e puxo unha enorme cara de susto.

Bille moveu os ombros.

—Polo visto ten un psicólogo. E os Pickpeer din que o psicólogo xa hai tempo que lles aconsellou que Jasper cambiase algunha vez de ambiente. Que iso quizais lle axudaría ou algo así...

—¿Por que ten un psicólogo? —preguntou mamá apoiándose no mesado da cociña e sentando na banquetta da cociña cos cartóns de leite no colo.

Bille dixo que iso non o sabía. E o que acababa de contar era só unha aproximación. Que ela non era ningunha intérprete oficial. Que non podía **ratificar** cada frase. Pero os Pickpeer, dixo Bille, volverán chamar de todos os modos mañá ou pasadomañá á noite. E que entón mamá podería informarse máis polo miúdo.



ratificar: confirmar a veracidade dunha cousa que non é segura.

Para cear había carne cocida, crema de cebolo e patacas. Bille petou na porta de Jasper e este veu á mesa. Miña nai alegrouse. Víase. Meu pai tamén se alegrou. Sorríalle á miña nai, como dicíndolle: «¡Ves! ¡Pouco a pouco todo se vai compoñendo! ¡Só hai que ter un pouco de paciencia!».

Jasper sentou á mesa. Con certa reserva mirou a fonte coa comida. Miña nai colleu o prato de Jasper e serviulle unha boa ración. Observei a Jasper e vin como á súa mirada de reserva se lle sumaba agora tamén certa **aflición**, ao redor da comisura dos beizos. ¡Podía enténdelo! ¡A min tampouco me gusta que miña nai agarre o meu prato baleiro! Á fin e ao cabo eu xa non son un bebé. Sei servirme. Pero miña nai é da opinión de que entón eu non botarei de xeito equilibrado. Ou sexa, moita carne e pouca verdura. Ou demasiado mollo e poucas patacas. Ou simplemente dirá: ¡iso é moito! Ou: ¡iso é moi pouco! Miña nai ata lle serve a comida a meu pai. Nin tan sequera a el o considera o suficientemente adulto como para coñecer que é o que precisa.

Jasper colleu o prato cheo, ergueuse e agarrou do aparador o bote de ketchup. Abriu o frasco e botou todo o contido do bote por riba da carne, as patacas e a crema. No seu prato víase agora unha enorme montaña vermella. Jasper comeu coa culler na crema ata que de novo apareceron no prato a carne e as patacas, agora de cor vermella. Logo apartou a culler, botou no seu vaso o resto da cervexa que lle quedaba a papá na botella, bebeuna, **arrotou**, levantouse e marchou para o seu cuarto.

A mamá viñéronlle as bágoas aos ollos. Limpounas, tentou sorrir e dixo:

—¡Son os nervios! ¡Estes nervios que me matan!

Christine Nöstlinger,
Intercambio cun inglés,
Ed. Planeta&Oxford (adaptación)

aflición: causa e estado de quen se sente mal.

arrotar: expulsar ruidosamente pola boca os gases que estaban retidos no estómago, eructar.



Comprensión

1 Velaquí os personaxes da lectura. Organízalos segundo a familia á que pertencen.

Jasper	Tom	O rapaz que nos conta a historia	Bille, a irmá do rapaz	O pai do rapaz	Os Pickpeer	A nai do rapaz
Familia austríaca O rapaz que nos conta a historia			Familia inglesa Jasper			

2 Di se estas afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F). As falsas convérteas en verdadeiras.

- A historia sucede o martes 31 de xullo.
- A nai informa a Bille de que chamaron os Pickpeer.
- Os Pickpeer son os pais de Jasper e de Tom.
- O psicólogo de Jasper aconsellou que este non cambiase nunca de ambiente.
- Esa noite cearon carne cocida, crema de cebolo e patacas.
- Jasper comeu todo e non deixou nada no prato.
- Vendo o comportamento de Jasper, á nai viñéronlle as bágoas aos ollos.

3 A nai da familia austríaca ten as emocións alteradas por culpa de Jasper. Xustifica estas afirmacións con palabras do texto.

- Asústase cando descobre que Jasper está indo a un psicólogo.
- Alégrase cando Jasper vai á mesa.
- Entristécese e ponse moi nerviosa cando ve o comportamento de Jasper na mesa.

4 O texto da lectura pode dividirse en dúas partes. Completa o cadro sobre esas partes no caderno.

PARTES	ABRANGUE DESDE ... ATA ...	CONTIDO
Primeira		
Segunda		

Reflexiona

5 Jasper non se comporta nada ben na mesa. Xustifica esta afirmación con palabras do texto.

- ¿Como reacciona a familia austríaca ante este comportamento? ¿Como reaccionarías ti? ¿Que lle aconsellarías a Jasper?



Os sentimentos e as emocións


6 Relaciona cada cara co sentimento ou emoción que expresa.



1



2



3



4



5



6



7



8



9



10



11



12



13



14



15

☐ alegría

☐ tristeza

☐ nerviosismo

☐ amor

☐ desamor

☐ sorpresa

☐ enfado

☐ preocupación

☐ desesperación

☐ cansazo

☐ confusión

☐ decepción

☐ vergoña

☐ susto

☐ aburrimiento

7 Escribe un sinónimo destes sentimentos ou emocións.

sorpresa

alegría

tristeza

enfado

confusión

decepción

aburrimiento

— Inventa unha oración con cada un deses sinónimos.

8 Busca e copia todas as palabras da lectura que reflectan sentimentos ou emocións dos personaxes.

— Indica, en cada caso, quen os sente.


Susto: nai da familia austríaca.



As palabras polisémicas

Xa sabes que as **palabras polisémicas** son as que teñen varios significados. Cada un deses significados recibe o nome de **acepción**.


— Observa as imaxes e explica cal é o significado da palabra **ala** en cada caso.





Exercicios

1 Observa os debuxos e inventa unha oración con cada un dos significados da palabra...

...dente



...folla



fermoso - aseado - intelixente - ledo

2 Explica o significado das palabras **estrela**, **pé** e **ollo** en cada unha destas oracións.

- Hoxe só se ve unha **estrela** a brillar no ceo.
- Esa **estrela** da canción encheu o teatro no seu último concerto.
- En Roma fomos a un hotel de tres **estrelas** estaba bastante mal.
- Hai uns días que coxeo do **pé** dereito.
- A toalla que buscas está no **pé** da cama.
- Corta a árbore polo **pé**.
- As patacas xa botaron **ollos**.
- Ese fío negro non cabe polo **ollo** da agulla.
- A miña avoa ten enfermo o **ollo** dereito; a pobre non fai máis que queixarse del.

3 Busca no dicionario as palabras **bico** e **xogo**.

- Anota os significados de cada unha.
- Inventa unha oración con cada un dos significados.



Expresión de sentimentos

Os **sentimentos** son as sensacións ou os estados de ánimo que teñen as persoas e que varían segundo o momento e a situación. Sempre podemos compartir os nosos sentimentos cos amigos ou coa familia.

9 Le este diálogo entre Xoel e Mariña.



— Responde estas cuestións:

- ¿Como se sente Xoel? ¿Por que?
- ¿Que lle di Mariña? ¿Que sente ela ante o debut de Xoel?
- ¿Que outros sentimentos podería ter Xoel ante a súa primeira actuación con público?
- ¿Que sentirías ti se estiveses no seu lugar?

— Pon en común as túas respostas co resto da clase.

10 Pensa e anota que sentirías nestas situacións.

- a. Atopas unha araña no teu cuarto.
- b. Encontras cun amigo que había moito que non vías.
- c. Despídeste dun curmán que vai vivir lonxe.
- d. Tes que ler un poema teu no salón de actos do colexio.
- e. Un amigo regálache un libro e non é o teu aniversario.

— Forma parella cun compañeiro ou compañeira e exprésalle os sentimentos que che provocou cada situación.

— escoita atentamente a expresión dos seus sentimentos.

— ¿Coincidistes en todos os sentimentos ou non? Responde entre os dous esta pregunta: ¿As persoas poden ter sentimentos diferentes ante a mesma situación ou non?

O diario persoal

No **diario persoal** escribimos as nosas vivencias, opinións, pensamentos e sentimentos día a día.

— Le este fragmento do diario dunha rapaza que se chama Carola.

Luns, 12 de outubro

¡Está nevando! Hai unha luz distinta que antes de mirar pola fiestra: indica que está ocorrendo algo fóra. Parece unha luz de conto, coma se na rúa houberse trineos para levarnos cara ó Ártico. En realidade é moi pouca neve callada no chan. Saio con Inés, miña irmá, para ver se podemos facer un boneco de neve ou, polo menos, unhas bólas. Mamá di que teñamos coidado co xeo.

—A ver se esvarades e rompedes unha perna.

Igual non estaba mal romper unha perna, penso eu. Un par de semanas sen ir á clase. A avoa métese con ela.

—Boa sería que, para un día que neva, non saíran. Total, mellor romper unha perna por culpa da neve que estragar o lombo con esas mochilas de libros.

Entón papá di que vai el connosco, que quere mercar uns pasteis para a sobremesa. Todas dicimos que non ten que dar escusas se lle apetece xogar coa neve, pero que de paso podemos achegarnos e mercar uns poucos pasteis.

—¡Bocadiños de nata! —pide mamá.

—Veremos —di papá. Non salta paredes pola nata.

Marilar Alexandre, *A banda sen futuro*, Ed. Xerais

— Elixe a resposta correcta a estas preguntas.

- ¿Como está escrito o diario?
 - a. En primeira persoa.
 - b. En terceira persoa.
- ¿Como comeza o diario?
 - a. Co nome do autor.
 - b. Coa data do día sobre o que se escribe.
- ¿Que nos conta Carola no seu diario?
 - a. Vivencias e sentimentos seus.
 - b. Sucesos imaxinarios que inventa.
- ¿Como é o ton do diario?
 - a. Formal e serio.
 - b. Espontáneo e sincero.




O **diario persoal** é un texto narrativo escrito en primeira persoa. Comeza coa data do día sobre o que se escribe.

No diario cóntanse vivencias e exprésanse sentimentos e pensamentos. Está escrito nun ton espontáneo e sincero.

- 1** ¿Atrévete a escribir o diario dun personaxe de debuxos animados durante unha semana?
— Elixe un destes personaxes.



Shin Chan



Marge Simpson



Mortadelo



O Home Araña


— Escribe o seu diario correspondente a unha semana.

Lembra:

- Primeiro, pensa as vivencias, os pensamentos e os sentimentos que vas contar.
- Comeza coa data do día sobre o que vas escribir.
- Emprega a primeira persoa, coma se ti foses ese debuxo animado.
- Usa palabras e expresións que fagan referencia ao estado de ánimo e aos sentimentos.
- Utiliza unha linguaxe espontánea e sincera.
- Cando acabes, repasa o texto. Corrixe os erros ortográficos e de contido, se os hai.

2 Escribe no teu caderno un fragmento do teu diario persoal.

- Podes contar que fixeches esta última semana, falar da última viaxe que fixeches...
- Sigue os consellos da actividade anterior.



O verbo

Lembras que o **verbo** é a clase de palabras que expresa unha acción, un estado ou un proceso, ¿non si?

Tamén sabes que os verbos se clasifican en tres **conxugacións**.

— Clasifica estes verbos segundo a conxugación.

vivir - durmir - temer - andar - fartar - correr - fuxir - empezar - ferver

PRIMEIRA CONXUGACIÓN (VERBOS REMATADOS EN -AR)	SEGUNDA CONXUGACIÓN (VERBOS REMATADOS EN -ER)	TERCEIRA CONXUGACIÓN (VERBOS REMATADOS EN -IR)
andar		

O verbo tamén nos informa de quen realiza a acción verbal mediante a **persoa** e o **número**. Así, hai se persoas: tres en singular e tres en plural.

— Completa estas fichas no teu caderno.

1.^a persoa singular: eu falo

2.^a persoa singular: ti

3.^a persoa singular: el/ela


1.^a persoa plural: nós falamos


2.^a persoa plural: vós

3.^a persoa plural: eles/elas

O verbo expresa ademais o **modo** en que se realiza a acción.

— Copia este esquema no teu caderno e inventa un exemplo máis de cada caso.





Como xa sabes, o verbo tamén expresa o **tempo** en que sucede a acción. Deste xeito, no modo indicativo e no subxuntivo hai varios tempos verbais que indican accións pasadas, presentes e futuras.


— Completa estes cadros con todas as formas do verbo *correr*. Este verbo conxúgase coma *varrer*, verbo que podes consultar na páxina 197 do Anexo do libro.

MODO INDICATIVO

TEMPOS	FORMAS VERBAIS
Presente	corro, corres...
Pretérito	corrín, corriches...
Copretérito	corría, corrías...
Antepretérito	correra, correras...
Futuro	correrei, correrás...
Pospretérito	correría, correrías


MODO SUBXUNTIVO

TEMPOS	FORMAS VERBAIS
Presente	corra, corras...
Pretérito	correse, correses...



1 Completa este esquema sobre todo o que acabamos de ver sobre o verbo.

Verbo



2 Copia os verbos destas oracións e indica en que modo están.

- Quizais veña o meu tío esta fin de semana.
- ¡Tráeme este peite!
- Onte choveu moito.
- Oxalá gañe o premio de poesía.
- Garda silencio, Luís.
- A cadeira ten unha pata rota.
- Quizais hoxe chegue un pouco tarde.

Veña: modo subxuntivo.

3 Identifica a persoa, o número, o tempo e o modo destes verbos. Sigue o modelo.


riades - falarei - partas - fuxise - leríamos

VERBO: RIADES


PERSOA	NÚMERO	TEMPO	MODO
segunda	plural	copretérito	indicativo

O acento diacrítico

O **accento diacrítico** serve para distinguir parellas de palabras que se escriben igual, pero teñen diferente pronuncia e distinto significado.



bóla



bola

— Inventa unha oración con cada unha das palabras anteriores.

Exercicios

1 Busca no dicionario o significado destas parellas e completa as fichas.

a: artigo determinado, feminino, singular. Preposición.

á:

no:

nó:

oso:

óso:

pe:

pé:

presa:

présa:

pola:

póla:

2 Completa estas oracións coas palabras da actividade anterior que cadren ben.

- Non sei facer o da gravata. ¿Axúdame?
- O está roendo nun
- Laura camiñaba con moita e torceu un
- Colleu unha de cacahuets e marchou a escape.
- chaqueta non está armado teu cuarto.
- A peteiraba nas follas da


3 Explica a diferenza de significado entre as palabras destacadas en cada par de oracións.

- Ana **e** Helena son amigas desde pequenas.
- Helena **é** irmá de Henrique.
- O coche **da** miña veciña é de cor vermella.
- A miña avoa sempre me **dá** caramelos de azucreiro.
- ¿Queres que **te** peitoe?
- ¿Queres tomar un **té**?
- Os nenos **ven** unha película na sala.
- Sara **vén** no autobús das tres e media.
- Sempre lle digo que **compre** pan.
- **Cómpre** ir por pan.

Uso do dicionario: as abreviaturas e as acepcións

Nesta unidade seguiremos aprendendo como consultar palabras no dicionario. Para iso, imos ver que son as *abreviaturas* e as *acepcións*.

Unha **abreviatura** é a representación dunha palabra mediante unha ou varias das súas letras.



Aí, no dicionario adoitan aparecer abreviaturas de palabras que cómpre que coñezas para entender todo correctamente.

Relaciona estas abreviaturas propias do dicionario co seu significado.

<i>ex.</i>	<i>feminino</i>
<i>f.</i>	<i>exemplo</i>
<i>m.</i>	<i>artigo</i>
<i>art.</i>	<i>adverbio</i>
<i>adv.</i>	<i>masculino</i>
<i>adx.</i>	<i>demonstrativo</i>
<i>dem.</i>	<i>adxectivo</i>

<i>num.</i>	<i>plural</i>
<i>pl.</i>	<i>numeral</i>
<i>pos.</i>	<i>preposición</i>
<i>prep.</i>	<i>pronome</i>
<i>pron.</i>	<i>posesivo</i>
<i>sing.</i>	<i>verbo</i>
<i>v.</i>	<i>singular</i>

Como xa vimos na páxina 26, unha **acepción** é cada un dos significados dunha palabra polisémica. No dicionario, cada acepción márcase cun número.

Copia os significados da palabra **serra** e subliña de distinta cor cada unha das acepcións.

1. *s. f.* Ferramenta ou máquina constituída por unha folla de aceiro con dentes que se emprega para cortar materiais.
2. *s. f.* Lugar onde se serra madeira.
3. *s. f.* Aliñación montañosa de dimensións inferiores ás dunha cordilleira.

Aplica o que acabas de aprender cada vez que empregues o dicionario.

Para acabar

- 1 Le con atención este texto.

Luns, 4 de outubro

Hoxe foi un día xenial. O mestre de Lingua mandounos facer un poema sobre os sentimentos e saíu-me xenial. ¡Ata me **animei** a lerllo ao resto da clase! ¡Que nervioso estaba! Pero as caras de sorpresa e desconcerto dos meus compañeiros **enchéronme** de ledicia. Para min que os deixei coa boca aberta.

Martes, 5 de outubro

¡Que fastío! A mestra de Coñecemento do Medio **pediu** que fixésemos unha tarefa na fin de semana que é unha leña: ir ao planetario observar as estrelas e despois elaborar un traballo. ¡Non me **chista** nadiña! Case **prefería** separar as capas dunha cabeza de cebola e observalas nun microscopio. ¡Iso que a cebola me fai chorar!

Mércores, 6 de outubro

¡Que triste e desilusionado estou! Hoxe o mestre de ximnasia dixo os nomes dos que van formar parte do equipo de fútbol do colexio e eu non estou entre eles. ¡Facíame tanta ilusión participar!

- 2 ¿Que tipo de texto é o anterior? Xustifica a túa resposta tendo en conta a forma e o contido.
- 3 Localiza no texto todas as palabras e expresións que fagan referencia a sentimentos e emocións.
- 4 Busca no texto as palabras polisémicas que posúen estes significados.

Palabra polisémica	Palabra polisémica	Palabra polisémica
.....		
1. Persoa que, con título oficial, exerce o ensino primario, anterior ao secundario ou bacharelato. 2. Persoa que lle ensina unha ciencia, arte ou oficio a alguén. 3. Persoa de gran sabedoría ou habilidade nunha ciencia ou arte.	1. Parte anterior da cabeza do ser humano. 2. Aspecto ou maneira en que se presenta algo e que produce unha determinada impresión. 3. Parte principal dunha moeda, medalla ou selo que, xeralmente, amosa a cabeza ou a cara dunha divindade, rei, personaxe ou calquera outro debuxo.	1. Conxunto de instrumentos para efectuar un traballo, unha actividade ou para facer funcionar un instalación. 2. Grupo de persoas organizado para levar a cabo un colectivo determinado. 3. Colectivo de persoas que de forma organizada disputan unha competición deportiva.

— Localiza no texto anterior outras dúas palabras polisémicas que vimos na unidade e escribe os seus significados.

- 5 Indica a persoa, o número, o tempo e o modo dos verbos destacados en azul no texto anterior.
- 6 Explica a diferenza de significado entre a parella de palabras destacadas en vermello no texto. Unha acento diacrítico e a outra non.